

Resolución do 13 de maio de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia, como profesor especialista, no corpo de profesores técnicos de formación profesional, para impartir o ciclo superior en audioloxía prótesica -código 591250- (módulo profesional de elaboración de moldes e protectores auditivos, módulo de elección e adaptación de próteses auditivas).

Por unha Resolución do 11 de abril de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia, como profesor especialista, no corpo de profesores técnicos de formación profesional, para impartir o ciclo superior en audioloxía prótesica -código 591250- (módulo profesional de elaboración de moldes e protectores auditivos, módulo de elección e adaptación de próteses auditivas).

Por unha resolución do 29 de abril de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia, como profesor especialista, no corpo de profesores técnicos de formación profesional, para impartir o ciclo superior en audioloxía prótesica -código 591250- (módulo profesional de elaboración de moldes e protectores auditivos, módulo de elección e adaptación de próteses auditivas). e publicouse no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia, como profesor especialista, no corpo de profesores técnicos de formación profesional, para impartir o ciclo superior en audioloxía prótesica -código 591250- (módulo profesional de elaboración de moldes e protectores auditivos, módulo de elección e adaptación de próteses auditivas).






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano
15781 Santiago de Compostela
981 54 6558
www.edu.xunta.gal



Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, www.edu.xunta.gal da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas>) indicado no apartado anterior.

Terceiro.- Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

